

Presentación da materia/módulo

Materia	Filosofía	Curso:	1º Bach.
----------------	------------------	---------------	----------

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación	<p>Tema 1: O saber filosófico: A orixe histórica da filosofía. Especificidade do saber filosófico. Necesidade e utilidade da filosofía. Filosofía e interculturalidade: multiculturalidade e globalización. A filosofía e as súas ramas.</p> <p>Tema 2: O coñecemento: O coñecemento sensible: sensación e percepción, imaxinación e memoria. O coñecemento intelixible: intelixencia, conceptos, xuízo e razoamento. Coñecemento e verdade: a verdade como adecuación, como evidencia, como coherencia e como perspectiva. Teorías en torno ao valor da verdade: escepticismo, realismo, relativismo.</p>
2ª Avaliación	<p>Tema 3: A dimensión lingüística e simbólica do individuo: Elementos do proceso de comunicación e funcións da linguaxe. A linguaxe humana e a linguaxe animal. Linguaxe natural e linguaxe formal. A siloxística aristotélica. A lóxica formal e a lóxica informal. Falacias, paradoxos, paraloxismos e sofismas.</p>
3ª Avaliación	<p>Tema 4: A realidade: Concepto de metafísica e a pregunta polo ser (sustancia/accidentes). Probas sobre a existencia de Deus e a imposibilidade da metafísica como ciencia (Kant). Relacións entre ciencia e tecnoloxía. O paso do traballo artesanal ao capitalismo industrial. Liberalismo e globalización. A estética como disciplina filosófica. O belo e o sublime como categorías estéticas.</p> <p>Tema 5: O ser humano desde a filosofía: A antropoxénese. Dialéctica natureza e cultura. A construción da identidade persoal. Relación mente e corpo</p>

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia/módulo ao alumnado correspondente, e expostos públicamente na páxina web do instituto.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Conceptos e Procedementos	Peso %
Probas escritas (exames)	70%
Actividades	30%

É avaliación continua. Isto significa que non hai recuperacións: a nota da última avaliación é a que conta. Tamén significa que nos exames “entrarán” todas as unidades estudadas desde o comezo do curso (coa posibilidade de seleccionar algúns temas de cada unidade).

Para determinar a nota final tomaráse a nota da 3ª avaliación e sumaráselle as notas das anteriores avaliacións segundo o exposto na seguinte táboa:

Nota	5-6	7-8	9-10
Primeira avaliación	+ 0,25 pts	+ 0,5 pts	+ 0,75 pts
Segunda avaliación	+ 0,25 pts	+ 0,5 pts	+ 0,75 pts

Na convocatoria extraordinaria de setembro só se terá en conta a cualificación obtida no exame, que versará sobre os contidos de todas as avaliacións.